

GUÍA DIDÁCTICA

ESA SEMIPRESENCIAL **MÓDULO 3**
EPAPU EDUARDO PONDAL CURSO 2025-2026

Lingua galega e castelá



Docente: M^a Isabel Gómez Rodríguez

Horario de atención ao alumnado: MER (18:15-19:00), VER (10:45-12:15) no Seminario 1

1. CONTIDOS E MATERIAL

- Unidades didácticas: 9, 10, 11, 12. Imprescindible traelas á aula.
- Dispoñibles en: <http://www.edu.xunta.ga1/portal/ea/normativa>
A docente facilitará resumos das diferentes unidades didácticas, polo que non será necesario empregar o material completo.
- Páxina do EPAPU "Eduardo Pondal": Educación Secundaria semipresencial.
- Na Biblioteca do centro existen copias en papel e dixitalizadas.

2. LIBROS DE LECTURA

- **Galego:** COSTAS, Leticia: *Golpes de luz*
- **Castelán:** GINZBURG, Natalia: *Y esto fue lo que pasó*

3. AULA VIRTUAL

A docente empregará a aula virtual para facilitar contidos adicionais aos alumnos.

4. GUÍA DIDÁCTICA

4.1 Desenvolvemento e temporalización por avaliacións.

1º CUADRIMESTRE	
Unidades e exames	Módulo III – Semipresencial
Unidade 9	Aprox. 6 sesións
Unidade 10	Aprox. 8-10 sesións
PARCIAL 1	Aprox. 11-13/11/25
Unidade 11	Aprox. 4 sesións
Unidade 12	Aprox. 6-8 sesións
PARCIAL 2	Aprox. 15-19/01/26
EXAME FINAL ORDINARIO	Do 26-30/01/26 (data a concretar polo centro)
EXAME FINAL EXTRAORDINARIO	Do 26-30/01/26 (data a concretar polo centro)

2º CUADRIMESTRE	
Unidades e exames	Módulo III – Semipresencial
Unidade 9	Aprox. 4 sesións
Unidade 10	Aprox. 6 sesións
PARCIAL 1	Aprox. 09-13/04/26
Unidade 11	Aprox. 2-4 sesións
Unidade 12	Aprox. 4 sesións
PARCIAL 2	Aprox. 14-18/05/26
EXAME FINAL ORDINARIO	Do 25-28/05/26 (data a concretar polo centro)
EXAME FINAL EXTRAORDINARIO	Do 17-19/06/26 (data a concretar polo centro)

4.2 Avaliación e cualificación

A nota do ámbito de comunicación farase a partires destes elementos no **grupo semipresencial**:

- Probas escritas (exames de contidos): 70% (35% por parcial/70% exame final ordinario)
- Probas de lectura: 10% (5% por cada lectura). As probas de lectura consistirán en preguntas abertas relacionadas coas lecturas propostas pola guía didáctica.
- Traballo continuado do alumno: 20% (realización de traballos, tarefas e exercicios).

As datas exactas dos exames parciais son orientativas e concretaranse con cada un dos grupos (mañá e tarde); as datas dos exames final ordinario e extraordinario serán fixadas polo Equipo Directivo. Os exames escritos seguirán a estrutura establecida polas unidades didácticas (galego/castelá; lingua e literatura).

Terán dereito á avaliación continua e, polo tanto, a exames parciais, avaliación do traballo continuado e de probas de lectura, aqueles alumnos que asistan con regularidade ás clases. Segundo o Acordo de CCP do 5/9/2025, o alumnado que falte ao 20% das clases coa falta xustificada, ou ao 30% das clases con ou sen xustificación, perderá o dereito á avaliación continua. Se a media dos exames parciais é igual ou superior a 5, o alumno quedará exento de presentarse ao exame final do cuadrimestre. De non ser así, o alumno deberá presentarse ao exame ordinario con toda a materia do cuadrimestre, independentemente de que aprobara previamente algún dos parciais. Ademais, a media non se fará se algunha das partes ou dos exames parciais é inferior a 3. A realización ou non de examen parciais, así coma as datas e o número de parciais, quedará a criterio do ou da docente da materia.

Haberá unha proba extraordinaria para os estudantes que non superen o ámbito de comunicación en febreiro, no mes de abril, e outra para os que non superen o ámbito de comunicación en maio, no mes de xuño. As datas concretas serán fixadas polo equipo directivo.

En todas as probas e traballos escritos demandarase un mínimo de corrección ortográfica, gramatical e léxica, e por iso penalizarase a súa ausencia con -0,01 puntos por cada falta non repetida. Do mesmo xeito, na corrección das probas terase en conta a presentación, a coherencia e a cohesión. Poderase chegar a restar ate un máximo dun punto e medio na nota final da proba polos erros aquí indicados.

4.3 Criterios de avaliación e contidos mínimos

UNIDADE 9: COMUNICACIÓN ORAL E SOCIOLINGÜÍSTICA

- El uso social de las lenguas.
- Sociolingüística da lingua galega.

Criterios de avaliación:

CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, coñecendo a lexislación vixente sobre dereitos e obrigas das linguas oficiais e cooficiais da península. Carta europea das linguas

CA1.2. Identificar e cuestionar prexuizos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional

CA1.6. Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

Contidos mínimos:

Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España

Bilingüismo e diglosia.

Usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal

Diferenzas entre os trazos dialectais e os rexistros

Interacción oral de carácter informal e formal

UNIDADE 10: GRAMÁTICA DA LINGUA

- A puntuación e a cohesión textual
- Normas de acentuación
- As categorías gramaticais
- As relacións semánticas

Criterios de avaliación:

CA2.3. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.

CA2.8. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas

Contidos mínimos:

Corrección gramatical e ortográfica

Recoñecemento das categorías gramaticais que integran o sintagma nominal

Formas simples e formas compostas nos tres modos (indicativo, subxuntivo e imperativo). As relacións de significado (sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia)

Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

A colocación dos pronomes en lingua galega e lingua castelá.

UNIDADE 11: COMUNICACIÓN ESCRITA

- Tipos de texto
- O texto expositivo
- Coherencia, cohesión e adecuación

Criterios de avaliación:

CA2.2. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, con especial atención ao texto expositivo, atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado

CA2.4. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico, respectando os principios de propiedade intelectual.

CA2.7. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.

Contidos mínimos:

A estrutura e as principais características dos textos expositivos científicos, técnicos e humanísticos.

Emprego de conectores textuais.

Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e hipónimos).

Coherencia, cohesión e adecuación.

UNIDADE 12: EDUCACIÓN LITERARIA

Historia da literatura galega

Historia da literatura castelá

Criterios de avaliación:

CA3.2. Comprender e valorar a través dos textos seleccionados para tal fin, as características da Idade Media na literatura galega e na castelá, interaccionando con outras literaturas peninsulares. Comprender a lírica medieval galego-portuguesa, as manifestacións en prosa, teatro galego, os cantares de xesta, lírica culta e popular en ambas as dúas literaturas; así mesmo, valorar a transición que supuxo o século XV.

CA3.3. Comprender e valorar a estrutura, contido e forma dos textos correspondentes ao período medieval dun xeito guiado.

CA3.7. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.

Contidos mínimos:

Achegamento á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.

Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego.

Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Lectura comprensiva dunha obra actual.

Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria.